

Santiago xa vende o híper luxo máis fashion

R.M.C.



Abre en Compostela 'Beauty Cube', un concepto de tenda de produtos de beleza exclusivísimos, de marcas de culto, imposíbeis de encontrar en perfumerías. O local atópase no baixo dun edificio do século XVIII na Rúa do Castro, que é a calella que une o Preguntoiro coa facultade de Historia.

Santiago de Compostela conta desde hai escasas datas cun local de superluxo que ofrece as marcas cosméticas de culto no mundo.

Firmas cunha distribución minoritaria e selectiva, difíciles de atopar, só á venda nos chamados *concept stores* (tendas focalizadas nun concepto): a parisiense *Colette*, as londinienses *Harrods* ou *Harvey Nichols*; *Barneys*, en Nova York e *Fred Segal* nos Ánxeles; *Élite*, en Marbella e *10 Corso Como* en Milán, entre outras exclusividades.

Beauty Cube introduce en España algunhas destas marcas de culto, con produtos que foron eloxiados polos especialistas das revistas internacionais máis influentes como Voque, Harper's, Wallpaper, I-D, In Style, Elle... E sempre ensaiados en modelos e actrices... Nunca en animais!, segundo se le no propio folleto da tenda.

introduce en España algunhas destas marcas de culto, con produtos que foron eloxiados polos especialistas das revistas internacionais máis influentes como ... E sempre ensaiados en modelos e actrices... Nunca en animais!, segundo se le no propio folleto da tenda.

Beauty Cube é un espazo onde se pode encontrar unha selección dos produtos cosméticos máis desexados e novidosos.

O deseño do interior de *Beauty Cube* é así mesmo unha declaración de estilo: mediante o uso de materiais tecnolóxicos integrados e obxectos de estética *blobject*, preténdese incorporar un edificio (sito na rúa do Castro, a calella que une o Preguntoiro coa facultade de Historia) do século XVIII á materialidade contemporánea.



Local de 'Beauty Cube' situado na compostelá Rúa do Castro
FOTO: Cris Tobío

A contracción de 'cosmetic' + 'pharmaceutical'

A selección inicial de produtos céntrase nas tres tendencias emerxentes no mercado cosmético que reflicten tendencias culturais e de estilo de vida máis xerais: *cosmeceuticals*, *ingredientes orgánicos* e *produtos unisex*.

Cosmeceutical é a contracción de *cosmetic* + *pharmaceutical*, e designa os cosméticos funcionais con alta concentración de ingredientes activos. O termo, que comezou a xeneralizarse nos anos 90 tras o éxito da aplicación tópica de retinoides, foise estendendo ata denominar as liñas cosméticas desenvolvidas por acreditados dermatólogos ao fio dos últimos avances científicos con ingredientes e fórmulas HI-TECH.

é a contracción de , e designa os cosméticos funcionais con alta concentración de ingredientes activos. O termo, que comezou a xeneralizarse nos anos 90 tras o éxito da aplicación tópica de retinoides,

foise estendendo ata denominar as liñas cosméticas desenvolvidas por acreditados dermatólogos ao fío dos últimos avances científicos con ingredientes e fórmulas HI-TECH.

Os novos cosméticos orgánicos, puros e sofisticados reflicten a tendencia *organic chic* que define o luxo contemporáneo (produtos de calidade *gourmet* pero accesíbeis).

domingo, 14 de agosto de 2005, 00:00



CERRAR VENTANA